

# BOLETÍN TÉCNICO FINAL

## XIII CAMPIONATO AUTONÓMICO ESCOLAR DE ORIENTACIÓN PEDESTRE OURENSE, 2023

### 1. ORGANIZACIÓN

A cargo da Federación Galega de Orientación, e dos clubs ourensáns A.D. Limiactiva e Club Peña Trevinca Barco, e co apoio do Servizo Provincial de Deportes (Secretaría Xeral para o Deporte) da Xunta de Galicia e do IES Universidade Laboral.

### 2. DATA, LUGAR E PROGRAMA

Sábado 6 de maio de 2023. IES, Universidade Laboral, Ourense. Coordenadas: 42.320137, -7.857047. Haberá que aparcarse fóra das instalacións do instituto, nas rúas próximas ao mesmo.

O programa será o seguinte:


- 09:45h Apertura da secretaría (entrega de dorsais e pinzas electrónicas).
- 10:10h. Acto de inauguración do Circuito Permanente do I.E.S. Universidade Laboral
- 10:30h Saída dos primeiros participantes.
- 13:30h Entrega de medallas e clausura.

(\*) *este programa poderá variar de acordo á cantidade de inscritos por categoría.*

**ATENCIÓN:** as tarxetas electrónicas non se entregan de forma individual. O responsable de cada centro deberá recollelas na Secretaría.

Ao rematar todos os escolares teñen que pasar por secretaría/sportident para descargar os resultados e devolver a tarxeta electrónica.

**AUTOBUSES:** Os autobuses terán una zona para aparcarse na av. da Universidade.



### 3. CATEGORÍAS

- Categoría INFANTIL: masculina e feminina (nacidos en 2009 e 2010).
- Categoría CADETE: masculina e feminina (nacidos en 2007 e 2008).
- Categoría XUVENIL: masculina e feminina (nacidos en 2005 e 2006). (So federados/as)

### 4. PARTICIPANTES E INSCRICIÓNS

Teñen dereito a participar as cinco persoas con mellor puntuación en cada categoría clasificadas nos respectivos Campionatos Provinciais Escolares 2023.

Teñen dereito a participar os tres primeiros equipos clasificados, en cada categoría, de centros escolares nos respectivos Campionatos Provinciais de Galicia. Seguindo isto, por cada provincia clasificaranse 12 equipos en total (3 de infantil masculino, 3 de infantil feminino, 3 de cadete masculino e 3 de cadete feminino), e haberá en total un máximo de 240 participantes por equipos de centros escolares. Cada equipo pode estar composto por un máximo de cinco orientadores.

Teñen dereito a participar nas categorías infantil, cadete e xuvenís os orientadores e orientadoras federadas que cumpran os requisitos de idade, inscribíndose a través do seu club.

**A inscrición para o Campionato Autonómico enviarase polo organizador de cada un dos campionatos provinciais ao correo electrónico: [ori.trevinca@yahoo.es](mailto:ori.trevinca@yahoo.es) (folia Excel que se encontra no evento).**

**O prazo para formalizar a inscrición rematará ás 14 h. do venres 28 de abril.**

### 5. PINZA ELECTRÓNICA

Os clubs organizadores asignarán gratuitamente unha pinza/tarxeta SportIdent a todo o que careza dela para o rexistro de paso por cada control. Se unha estación SportIdent fallase, débese utilizar o sistema de rexistro alternativo de pinza clásica e marcalo no mapa. As tarxetas Sportident teñen una capacidade de almacenamento de ata 20 picadas, he haberá percorridos de ata 19 controis, os deportistas terán que comprobar moi ben o número-código da baliza antes rexistrar para non cometer erros ou quedar sen capacidade na citada tarxeta SportIdent. Coidado con descualificar por non esperar pitido e/ou luz na estación.

É obrigatorio picar na estación de meta, e despois descargar na estación-descarga na secretaría. Así comprobaremos que non queda ninguén “perdido”.

**AVISO:** usarase o sistema sportident clásico. O sistema AIR+ non estará activo polo que todos os participantes con este tipo de tarxeta poderán apagalala na saída.

### 6. MODALIDADE

**Carreira Sprint.** Modalidade de orientación en liña, na que o participante terá que pasar por tódolos controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica e con saída individual contrarreloxo. **ATENCIÓN:** Haberá controis moi próximos, polo que é moi importante comprobar o número-código da baliza. O tempo estimado para o/a

gañador/a en cada categoría estará en 20 e 25 minutos. Establécese un tempo máximo de carreira para tódalas categorías de 75 minutos. Logo de pasados 75 minutos da saída do último corredor comezarse a recoller as balizas do terreo.

## 7. TERREO E PERCORRIDOS

O mapa abarca todo o recinto do complexo estudantil que engloba o IES Universidade Laboral, a Escola de Arte e Deseño Antonio Faílde, o Centro de Formación e Recursos e o Centro Residencial Docente. Varios edificios, algúns de complicadas formas, que alternan con zonas axardinadas, bosque e diferentes canchas deportivas.

Durante a proba nos percorridos tamén se utilizarán corredores interiores dalgún dos edificios, polo que será importante decatarse no mapa dos distintos accesos posibles para elixir a mellor ruta.

Mapa a escala 1:2500 (1 cm no papel equivale a 25m no terreo) e realizado por Martín Morales en febreiro/marzo de 2023.

Lembramos para os menos habituados a iste tipo de probas, que hai que achegarse con tempo suficiente á presaída onde serán chamados a súa hora. Unha vez tomada a saída, hai que seguir o balizado ata a baliza representada polo triángulo e dende hai continuar o percorrido na orden indicada e comprobando sempre o código antes de marcar. Marcar unha baliza incorrecta non supón a descalificación, pero se corre risco de encher o chip da tarxeta antes de tempo e non poder completar a carreira.


E importante que os participantes se familiaricen antes coa simboloxía utilizada no mapa. Coñecer que representan as distintas cores e símbolos é esencial para completar con éxito o percorrido.

Lembramos tamén que haberá algunhas balizas en pasillos (de cor gris claro) no interior de algún edificio (gris oscuro), polo que será imprescindible identificar no mapa onde se atopan as distintas entradas. Os edificios están perfilados cunha línea negra impasable no terreo agás onde esta se interrompe e hai un pequeno trazo gris claro que indica as portas polas que acceder ao interior.

As balizas están situadas no punto indicado polo centro exacto do círculo; importante á hora de determinar se un control está aun lado ou outro dun valado ou muro, por exemplo.

Nestes pasillos interiores tamén haberá zonas marcadas en vermello no mapa que sinalan áreas de acceso prohibido. Haberá cinta de balizar nestes puntos e non se deberá sobrepasar; facelo supón a descalificación.

As zonas pintadas en verde oliva indican patios interiores inaccesibles ou outros lugares de acceso no permitido.



## 8. DISTANCIA, DESNIVEL E CONTROIS

CATEGORÍA	DISTANCIA	DESNIVEL	CONTROIS
Infantil feminino	1,6 km	40	15
Infantil masculino	1,5 km	40	16
Cadete feminino	1,9 km	45	18
Cadete masculino	1,9 km	45	18
Xuvenil feminino	2,2 km	45	19
Xuvenil masculino	2,2 km	45	19

## 9. MATERIAL PROHIBIDO NO MOMENTO DE REALIZAR A PROBA

Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e dispositivos que aporten datos xeográficos en toda a zona de carreira por parte de calquera alumno ou alumna participante. Os únicos elementos de apoio autorizados son o mapa que aportará a organización e o compás que deberá levar cada participante.

## 10. POSIBLES INCIDENCIAS DO SPORTIDENT

Resumo do procedemento de actuación ante posibles incidencias Sportident

- **Corredor que non limpa a súa tarxeta na saída.**  
É responsabilidade do corredor limpar na zona de saída (na estación sportident correspondente) a súa tarxeta. Todo corredor que por non limpar a súa tarxeta de datos anteriores, se quede sen memoria nela, e chegue a meta con picadas no mapa por ese motivo, será descualificado por erro en tarxeta.
- **Corredor que non descarga a súa tarxeta (pinza) sportident ao rematar.**  
Todo corredor debe picar o punto meta (dobre círculo no mapa) e posteriormente ir descargar a súa tarxeta (pinza) onde estea previsto pola organización. Aceptarase como válido que os corredores descarguen as súas tarxetas ata aprox. as 13:30 h. Os corredores que non descarguen nese prazo serán considerados fóra de control.
- **Corredor ao que lle falta algún punto de control na tarxeta.**  
Será automaticamente descualificado. É responsabilidade do corredor asegurarse que o seu paso polo control quedou correctamente rexistrado na súa tarxeta, aspecto que indica o pitido e a luz da estación ao introducirle a pinza sportident. Se deixou algún punto do seu percorrido sen picar, non pode volver ao terreo.

## 11. PREMIOS E CLASIFICACIÓN PARA O CAMPIONATO AUTONÓMICO

Haberá dúas clasificacións:

**Clasificación individual:** Unha clasificación por categoría segundo o tempo ou puntuación acadada na carreira. A persoa con mellor puntuación en cada categoría proclamarase Campión ou Campioa Galego Escolar de Orientación a Pé.

Entregaranse medallas aos tres primeiros de cada categoría:

INFANTIL FEMININO

INFANTIL MASCULINO

CADETE FEMININO  
XUVENIL FEMININO

CADETE MASCULINO  
XUVENIL MASCULINO

O resultado no Campionato Galego Escolar de Orientación a Pé é un dos criterios de selección dos orientadores e orientadoras federados para o Campionato de España de Seleccións Autonómicas (CESA) propostos para a decisión técnica

**Clasificación por equipos:** En cada categoría asignarase 1 punto ao primeiro clasificado, 2 ao segundo, 3 ao terceiro e así sucesivamente. A clasificación por equipos formarase coas puntuacións dos 3 mellores clasificados individuais en cada categoría sendo Campión Galego Escolar de Orientación a Pé o equipo que menos puntos acade en cada categoría. Se dentro dos tres mellores clasificados de cada equipo se dese o caso de que os alumnos non tomaran a saída ou non realizaran todos os controis na orde indicada ou faltase algún deles, a puntuación será a seguinte: Error en tarxeta e abandona=200, non sae=1000 e descalificación=1000 puntos.

Os tres primeiros equipos clasificados de centros escolares en cada categoría recibirán un diploma como Equipo Campión Galego de Centros Escolares de Orientación 2023. Estes premios entregaranse ao finalizar a xornada seguindo o programa e horario previstos. Cómpre que todos os centros e participantes estean presentes na entrega de premios.

## 12. VIDEOS EXPLICATIVOS

DEPORTE DE ORIENTACIÓN. <https://www.youtube.com/watch?v=HkeoWFjglWg>  
USO DE PINZAS P-CARD. [https://www.youtube.com/watch?v=Ye\\_H\\_5vS7IE](https://www.youtube.com/watch?v=Ye_H_5vS7IE)

## 13. SEGURIDADE

- A proba celebrárase no recinto do complexo estudantil que engloba o IES Universidade Laboral, recinto pechado onde o alumnado non pode saír del e non ten tráfico algún.
- Coidado cos muros e cortados que se atopen no terreo. Non se pode traspasar ningunha zona limitada por cinta, baixo pena de descalificación.
- Haberá unha ambulancia na zona de chegada para asistir a calquera participante se fose necesario.
- Os orientadores e orientadoras participan na proba baixo a súa propia responsabilidade, asumindo os riscos inherentes ás carreiras de orientación a pé.
- Os puntos de control estarán situados en lugares que non supoñen ningún risco para os competidores e na zona pola que transcurren os percorridos non existe ningún perigo especial destacable, diferente do que conleva o desprazamento a través do predio: terreo irregular, vexetación rasteira, escaleiras,...
- Recordáselles aos participantes a obrigatoriedade de ofrecer axuda a todo participante que o precise por atoparse mancado.

## 14. REGULAMENTO

- Durante a competición, os participantes fóra de competición non poderán saír da zona de concentración.
- Pódese usar un compás analóxico como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Esta prohibido usar calquera outro aparello electrónico de axuda á navegación.
- Non se permitirá a saída de corredores sen o seu dorsal.
- Na zona de Saída cómpre manter silencio para poder facer as chamadas adecuadamente e favorecer a concentración dos participantes.
- O mapa entregarase na saída, sendo responsabilidade de cada orientador comprobar que corresponde a súa categoría e limpar e comprobar a tarxeta ou pinza na saída. Cando se tome a **saída tarde**, deberase avisar á organización e esperar as indicacións oportunas.
- É obrigatorio pasar polo triángulo de saída (baliza sen código) e realizar o percorrido na orde indicada no mapa. Seguir a orde numérica de controis no percorrido correspondente. Por exemplo, se se pica a 4 antes da 3 non se descualifica se se volve a picar a 3, despois de novo a 4, e logo a 5, 6, etc. Balizas de distintos percorridos moi próximas. **Ollo ao número-código da baliza!**
- A carreira é individual. Non esta permitido seguir a outros participantes.
- Os participantes deben respectar: a propiedade privada, o mobiliario urbano e non pasar por zonas prohibidas.
- **Na Meta se recollerán os mapas aos competidores.**
- **É obrigatorio pasar pola meta aínda que se produza o abandono, e descargar a pinza electrónica, para que lle conste á Organización.**
- Logo de pasados 75 minutos da saída do último corredor comezase a recoller as balizas do terreo. Establécese un tempo máximo de carreira para tódalas categorías de 75 minutos.
- Haberá xuíces velando polo cumprimento das normas e poderán ser descalificados os orientadores que cometan irregularidades na proba.

**Calquera aspecto non recollido nas normas anteriores, regulárase a través dos correspondentes regulamentos vixentes da modalidade O-Pé da FEGADO do 2023.**


## 15. OUTROS PUNTOS IMPORTANTES PARA O DESENVOLVEMENTO DA PROBA

1. Ao chegar á zona de competición, a **persoa responsable de cada centro escolar** debe dirixirse directamente á **secretaría**, onde se entregará a bolsa coas tarxetas electrónicas correspondentes ao centro e os dorsais.
2. Delimitaranse unha zona de concentración onde os participantes deberán esperar á súa hora de saída. Gardarase o debido silencio na zona de saída, atendendo en todo momento as indicacións dos organizadores.
3. **Todo o alumnado terá que amosar un comportamento cívico en todo momento e coidar os lugares onde se desenvolva a competición** (tanto na carreira como

na secretaría). O profesorado terá que supervisar ao alumnado ao seu cargo, colaborando coa organización na procura do seu comportamento cívico.

4. É recomendable que cada participante leve unha muda para poder cambiarse despois da carreira, sobre todo calzado e calcetíns. Non haberá duchas.

## 16. LOCALIZACIÓNS



## 17. EQUIPO TÉCNICO

Técnico Sportident: Óscar Gómez

Cartografía y Trazados: Martín Morales (2023)

Salidas: Roberto Feijoo, Diego de la Torre, Yevheniya Chystyakova e Iván Ramos

Meta: Pablo Aller

Máis información actualizada en: <http://fegado.es/>

Ourense, 28 de abril de 2023